



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

Carta Pastoral sobre a preparación espiritual para o Ano Santo Compostelán Decembro de 2009

Aos Sacerdotes, Membros de Vida Consagrada e Laicos

Queridos diocesanos:

Os Anos Santos Composteláns van sucedéndose na nosa historia, deixando o seu sinal espiritual nos fieis que participan nas grazas xubilares. Con este convencemento dispoñémonos a celebrar o Ano Santo Compostelán 2010, o segundo do terceiro milenio do cristianismo, recordando que o próximo será no ano 2021. A Diocese debe vivir con gozo e entusiasmo este acontecemento de graza que favorecerá a revitalización da nosa vida cristiá no medio dunha situación de preocupante indiferenza ante os valores relixiosos.

A transcendencia desta celebración é evidente para a comunidade cristiá diocesana. En consecuencia habemos de prepararnos espiritualmente para dar grazas a Deus que nos bendixo con este don e para dispornos a acoller as grazas xubilares. Neste sentido, **proponho a todos os diocesanos que o 18 de decembro, venres da terceira semana de Advento, sexa un día de xaxún, vivido con actitude profundamente espiritual, ofrecendo cada familia unha axuda económica que considere posible, a Cáritas diocesana para que esta poida socorrer algunhas das necesidades dos pobres e marxinados. Por outra banda, rogo que o día 30, véspera da Apertura da Porta Santa, ou na data máis próxima que pareza conveniente pastoralmente, na Catedral, nas igrexas parroquiais e nos centros de culto de Comunidades Relixiosas téñase un acto de adoración ao Santísimo, -unha hora santa- no momento máis oportuno.** Moitas veces fáltannos palabras para expresar a riqueza dos nosos sentimentos e son os signos, os xestos ou os símbolos os que nos axudan a comunicar o que as palabras non son capaces de manifestar. Estes signos referidos orientarán a nosa mirada cara ao Ano Santo Compostelán.

É bo deixar constancia desta celebración que forma parte da historia da comunidade parroquial, formada por nenos, novos e adultos; cristiáns convencidos, meros practicantes, afastados... Neste ano Santo habemos de esforzarnos para transmitir a mensaxe revelada, celebrar o culto cristián en todas as súas manifestacións e practicar a caridade coas súas múltiples esixencias, sendo como Santiago Apóstolo, amigos e testemuñas do Señor.

Saúdavos con afecto e bendí no Señor,

+Xulián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela